




Área / Unidade CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 7411AI012T	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/3131/2026 20/02/2026
Código de verificación  304X 3113 6P71 473L 03X8	Expediente 741/2026/92	
	Fecha 18-02-2026	

## ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

### RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI00ZZ de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 12.02.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO:** INICIAR o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 175, departamento 4<sup>o</sup>, ringleira 2<sup>a</sup> do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Luis Carlos Fornos Luis e María Concepción Fornos Luis, polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 31 de outubro de 1998; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

**SEGUNDO.-**OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

**Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a exhumación dos restos cadavéricos existentes nas instalacións funerarias para o seu traslado ao osario municipal.**



A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández  
Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)